































MANUEL MARÍA - SONETOS AO VAL DE QUIROGA (1988)

ÍNDICE (facer clic en  para escoitar o poema)

- 1 - [Quiroga: fáloche a ti para preguntar](#) 
- 2 - [Púcaro de mel, cunca de pureza](#) 
- 3 - [Tribo de meu, fermosa e silandeira](#) 
- 4 - [Terra de noso, carnal e apaixonada](#) 
- 5 - [A miña avoa Consuelo, A Quiroquesa,](#) 
- 6 - [Escuras serras da Moá e do Caurel](#) 
- 7 - [Ribas do Sil, lembranzas dun mosteiro](#) 
- 8 - [Vila de San Martiño, íntima e breve](#) 
- 9 - [Tabernas do Tiberio e do Peniche;](#) 
- 10 - [Vello Sil das canciós e as aureanas](#) 
- 11 - [Meu río Quiroga, pequeno e algareiro](#) 
- 12 - [¡Ouh rumoroso Lor das augas claras](#) 
- 13 - [Viño quirogués, gustoso de beber](#) 
- 14 - [Noutro tempo pasado e lexendario](#) 
- 15 - [Aló, no Hospital, o castro de Ar Maior;](#) 
- 16 - [Cando o vrao é xa froito moi maduro](#) 
- 17 - [Torre Penela, Quirogas e Lamelas](#) 
- 18 - [Sil está, en Sequeiros, encorado](#) 
- 19 - [¿Qué foi das vellas cazatas tan xentís,](#) 
- 20 - [Torre ruínosa, triste, silandeira](#) 
- 21 - [Pequeno e vello, ti, Montefurado](#) 
- 22 - [Fosco Piapáxaro que ollas montes sós](#) 
- 23 - [Na compañía de Saleta eu descubrín](#) 
- 24 - [¡Ouh sombrío Hospital de fértil chan;](#) 
- 25 - [Castiñeiros do Val, meus castiñeiros](#) 
- 26 - [Limoeiro florido e sorprendente](#) 
- 27 - [Por dentro vas calada e consumida](#) 
- 28 - [Antergas vides chantadas no torrón](#) 
- 29 - [Quiroga, miña queiruga montesía](#) 
- 30 - [Pídoche a ti, Quiroga, os teus outonos](#) 

Quiroga: fáloche a ti para preguntar

pola perdida raíz da xente miña
que nesta terra viviu e, nela, tiña
asentamento profundo o seu solar.

¿Qué destino feroz ou qué pauliña
puideron, absurdamente, rematar
co seu constante, paciente laborar
e a súa vida ignorada e pequeniña?

Todo camiña á nada, para o olvido,
gravando nos ronseles da memoria
un recordo profundo e dolorido.

E, para poder vivir o xa vivido,
recupero teimudo a propia historia
e déixome perder entre o perdido.

Púcaro de mel, cunca de pureza,

oliveira, cerdeira, vimbio e viña,
doce brisa que canta e aloumiña,
ollada aberta só para a beleza.

¡Qué aire fino, sutil e transparente;
qué fogar tan aberto, tan amigo;
qué paraíso feliz o estar contigo
e qué paixón humana a da túa xente!

Eres alucinada luz e claro abril,
ferenza do meu sangue rumoroso,
ceibe, fiel e namorado: como o Sil.

Val de Quiroga, país marabilloso:
¡fai deste noso soñar pobre e souril
un amor puro, enorme e xeneroso!

[\(volver ao índice\)](#)

Tribo de meu, fermosa e silandeira:

eres humana como unha mao aberta,
necesaria como unha fonda aberta,
como a mesma verdade: verdadeira.

Déixame que te habite, que te queira:

na loita do vivir, dura e incerta,
a ti che pido, nai, casa cuberta,
amor, pan, viño, luz, lume e lareira.

Teño as miñas raigañas na túa terra,

na túa prodixiosa luz case irreal,
no misterio do bosco e no da serra.

Son home de boa lei, moi fiel ao Val:

¡na miña gorxa vive, clama e berra
a voz do meu bisavó, no Hospital!

Terra de noso, carnal e apaixonada,

coroada estás de neve e fermosura:
tés degaros de azul, sede de altura
e unha luz virxinal, case sagrada.

Pois no teu colo a luz fíxose pura,

estaño delirante, cita certa
que nos leva, sen máis, á descuberta
esencial da paisaxe e a súa fondura.

Cupreso rumoroso, lanza en vela,

que decoras de escuro tanto verde:
dáslle pousada á brisa na Rodela.

Camiña, namorada, a miña arela

dende a Cruz de Outeiro a Vilaverde:
igárdoa no corazón: temo perdela!

[\(volver ao índice\)](#)

A miña avoa Consuelo, A Quirogesa,

era leda, risoña e faladora:
a súa musical verba cantadora
no meu corazón vai, fidel e acesa.

Era verba que non se leva agora,
cunha raíz anterga e montañesa,
un murmurio de vento na devesa,
claridades de río e luz de aurora.

E sentín florecer como a cerdeira
unha forte, escurísima inquedanza,
cunha paixón profunda e verdadeira.

É que levaba a Quiroga na lembranza
como se leva un destino, unha bandeira,
un ensoño que se ama e non se alcanza.

Escuras serras da Moá e do Caurel:

alertas sobre a terra quirogesa
que recende a mimosa, rosa acesa,
loureiro, laranxo, fiúncho e mel.

Carpaza, casal, camelio, caravel;
carballos amorosos; néboa espesa;
nubes peleriñantes que, sen presa,
demorades no Val, vello e doncel.

Todo é sorprendente e verdadeiro
como unha vaga lembranza avivecida
ou o prodixioso canto dun regueiro.

Conformámonos coa árbore florida,
co brillo escintilante dun luceiro
e o misterio da lúa sobre A Ermida.

[\(volver ao índice\)](#)

Ribas do Sil, lembranzas dun mosteiro,
 puro silencio que o ar cerca o sostén:
 ¡tés a paisaxe partida polo tren
 e sorrís no setembro vendimeiro!

Se unha soidade che vai outra che vén
 mentres no Sil se afoga algún luceiro.
 O tempo vai pasando algo tristeiro
 por camiños que chegan sen ninguén.

Contemplas mudo o monte e o abicedo,
 dun xeito cotidiano e indiferente,
 porque sabes moi ben que sempre é cedo.

Mentres cantan os ventos no arboredo
 ollas pasar a vida mainamente
 sen ter unha esperanza ou sentir medo.

Vila de San Martiño, íntima e breve,
 coa camelia florida te comparo:
 tés gracia e lixeireza de paxaro,
 eres pura e sinxela como a neve.

Na túa xeografía o vento escribe
 a apaixonada canción do desamparo
 e un forte desexo escuro e claro
 que, como a espuma, é branco e leve.

Aínda aquí se coñecen os veciños
 e a vida ten maneiras moi humanas
 e fálase de vides e de viños...

Van pasando anos, meses e semanas:
 permanecen paisaxes e camiños
 e a milagreira voz das túas campanas.

[\(volver ao índice\)](#)

Tabernas do Tiberio e do Peniche;

café do Tito, escuro e familiar;
feiras de vender, mercar e pasear;
romarías do vrao: viño e boliche.

Ouh vida doutra idade: xa morriche
para nunca endexamais resucitar;
igardas a melancolía dun cantar
e a nostalxia do tempo que viviche!

Todo revive en min. Nada se perde:
jespecies, bacallaos, recendos finos
vencendo ao que é fugaz e fuxidío!

E lembro ao señor Uxío Vilaverde
-chocolates, cafés, ultramarinos-
no corazón do Val, perto do río.

Vello Sil das cancións e as aureanas

que traedes os abriles e os outonos;
vas deixando no Val doces ensonos,
lembranzas de terras moi lonxanas.

Dime por qué non paras e te añas
e finxes ventavais, raios e tronos,
xistras, furacás, fortes enconos
se son as túas cancións doces, humanas.

Meu Sil da humanidade e da tenrura:
murmurio, vento, néboa, levedade
fanse ave, chama, camiño e ventura.

Velaquí o teu segredo, a túa verdade:
iti, que naces no albor da auga máis pura,
vas morrer ao solpor da vaguidade...!

[\(volver ao índice\)](#)

Meu río Quiroga, pequeno e algareiro,
que eres o reiseñor de todo o Val:
se é tan esguío e breve o meu caudal,
¿cómo é que pode ser tan cantareiro?

Ese teu canto, sinxelo e natural,
que ten un non sei que é de milagreiro:
¿cecais cho deprende o abeneiro
ou ensinoucho, tal vez, o salgueiral?

Baixas do monte seguro e confiado
e recorres o Val tan sorprendido
que rompes a cantar emocionado.

E que ti, meu Quiroga, vas ferido
por un amor profundo, delicado,
xeneroso, total e compartido.

¡Ouh rumoroso Lor das augas claras
que limitas coas terras quiroguesas:
dices o teu cantar sempre con presas
e, co afán de cantar, nunca te paras!

Piadoso deus fluvial: velas e amparas
estas grandes soidades montañesas,
dáslle a túa voz a soutos e devesas
e esqueceste do canto que cantaras.

A túa canción, dozura ou brusquidade,
é unha música telúrica e amante
feita de resplandor e escuridade.

Río Lor: ti eres rumor, fugacidade
e inquedante murmurio saloucante
que leva un feble son de eternidade.

[\(volver ao índice\)](#)

Viño quirogués, gustoso de beber,
lévote no paladar e na memoria:
eres o meu desexo, a miña gloria,
a máis pura alegría do meu ser.

Tésouro de solpor, luz de mencer.
Entre tanta miseria, aldraxe, escoria,
ti líbrasme, piadoso, desa noria
pesada e rutinaria que é viver.

Somentes hai un recendo verdadeiro:
o do viño doncel ulindo a mosto,
a uva sacramental, a bago enteiro.

En ti bebo o podente sol de agosto,
joh néctar delicioso!, compañeiro
do xantar competente e do magosto.

Noutro tempo pasado e lexendario,
o lobo era un medo puro e frío,
un sagrado terror, un arrepío,
un escuro poder extraordinario.

A noite foi misterio e marmurío,
espacio desmedido e temerario,
angustioso camiño dun calvario
quebradizo e inseguro como un fío.

O lobo era un gran ollo vixiante,
esculcando no Val cunha mirada
minuciosa, silandeira e abafante.

A noite quedou triste, orfa, calada:
non ten pavura nin medo alucinante
pois a noite, sen lobo, non é nada.

[\(volver ao índice\)](#)

Aló, no Hospital, o castro de Ar Maior;

o castro de Canivete ao nacente;
o de Lucenza altivo e ben lucente
e o castro de Ares morrendo no solpor.

¿Qué raigañas escuras, qué semente
foi tristura, soño, medo, gromo, flor,
chispa, fogueira, volcán abrasador,
fame de amor urxente e permanente?

Catro castros ergueitos. Catro castros
melancólicos, tristes, silandeiros,
impasíbeis e firmes como mastros.

Arredados estais que non senlleiros:
¡escoitades a música dos astros
e falades co vento e cos luceiros!

Cando o vrao é xa un froito moi maduro

e a luz se fai colleita ben cumprida,
no misterio do Val, aló na Ermida,
celebrase un ritual fermoso e puro.

As pampórnigas son canción erguida,
á vez invocación e desconxuro,
para calmar a un fusco deus escuro
inimigo da vide e máis da vida.

O felo encarna o feo, o medo, o mal,
o terror impreciso e tebegoso
que habita no interior de cada cal.

Cumprindo un rito sagro e inmemorial,
o folión, antergo e poderoso,
rebenta, incontíbel, en xente o Val.

[\(volver ao índice\)](#)

Torre Penela, Quirogas e Lamelas,

baixo o sol pasado doutros días,
 encheron todo o Val de fidalguías,
 cabalgadas, cazatas, rondas, velas.

Remataron, para sempre, retesías,
 as donas remilgosas, as doncelas,
 os requintados xogos, as arelas
 ateigadas de ensoño e fantasías.

Pro queda esborrallada, anque de pé,
 desafiando ventos, neves, vendavais,
 unha torre que foi máis que non é.

E permanece o amor, os tristes ais,
 símbolo de paixón e máis de fe,
 da lenda dos amantes de As Novais.

O Sil está, en Sequeiros, encorado,

remansando cautamente o seu caudal
 para ir inadvertido polo Val
 como un vento sutil e delicado.

Nesta profundidade moura e abismal,
 na que se olla o río ensimesmado,
 óese un misterioso laio namorado:
 voz dun amor urxente, puro e inmortal.

Son dous eternos amantes: aí están
 no pasadizo que vai, baixo o río,
 dende Torre Novais á outra ribeira.

Amor, morte, misterio: veñen e van
 por un ignoto alén claro e sombrío
 coa súa chama inmorrente e verdadeiro.

[\(volver ao índice\)](#)

¿Qué foi das vellas cazatas tan xentís,
das monteirías sonoras e feroces,
dos cervos arborados e veloces,
dos corzos, lobos, raposos, xabarís?

¿Ónde o son dos cornos montaraces,
o abafar dos lebreis, os estoupidos
de disparos que ferían os ouvidos
e o altivo voar de aves rapaces...?

Hoxe só se escoita ao vento no ucedo
e a un tenso silencio oco e baleiro
que vai de Vilarmel deica Nocedo.

O ladrido dun can -can de palleiro-
enche a noite de loito, morte e medo
e dun longo ecoar fondo e tristeiro.

Torre ruínosa, triste, silandeira,
profunda imaxe da melancolía:
xa non eres nada. Pro algún día
fuche mastro xentil, alta bandeira.

A túa graciosa e xusta xeometría,
voltouse unha lembranza lastimeira
e son ortiga, mofo, hedra, silveira
o que antes eran flor e fildaguía.

Perdiches a facenda e o poderío,
Torre Penela, anterga fortaleza
onde foi meu bisavó fiel servidor.

Mais aínda tés para ti a voz do río
e a sutilísima e máxica beleza
que, namorado, che brinda o reiseñor.

[\(volver ao índice\)](#)

Pequeno e vello, ti, Montefurado,

evocas a túa vida extraordinaria,
 metade real, metade lexendaria:
 ¡tés por ollos ao monte taladrado!

Andas a cavilara rebrillos de ouro,
 baixo a sombra amiga das montañas,
 minúsculos horteiros, breves brañas
 e salmodias do Sil terrible e mouro.

Mentira foi, cecais, a túa grandeza
 e verdade feroces desengaños
 con fames e delirios de riqueza.

Pese á fatalidade, malia aos anos,
 á vulgaridade xorda e á tristeza:
 ¡aínda téis en pé os túneles romanos!

Fosco Piapáxaro que ollas montes sós

sen roita, sen vieiro nin camiño:
 unicamente a voz do Ferreiriño
 che dice, mainamente, as súas canciós.

Baixa da serra, rolando a trompicós,
 un silencio senlleiro e pequeniño
 na procura, cecais, dun aloumiño
 pois demórase de máis en Leixazós.

A miña ollada, cansa e temerosa,
 por moito que se forza non se afai
 nesta brava paisaxe silenciosa.

No Alto do Boi a serra é poderosa:
 unha aluciada sombra misteriosa
 que sempre se está indo. E non se vai.

[\(volver ao índice\)](#)

Na compañía de Saleta eu descubrín

a música destes ríos, destas fontes,
as curvas femininas destes montes
e as lonxanías azuis case sen fin.

Con lentitude e sorpresa aprendín
a ler en nubes, néboas, horizontes
e recobrar o tempo, os propios ontos
que, mesmo sen sabelo, ían en min.

E non tiven, entón, ningunha duda.
Era a mesma paisaxe, igual historia:
¡paganismo do Sil, Crismón da Ermida...!

Foi unha revelación fonda e aguda:
¡un anaco de vida xa vivida
que eu levaba gardada na memoria!

¡Ouh sombrío Hospital de fértil chan;

lonxano Fisteus, souto e campaza;
Hermida vertical, cupreso e aza
que, ao Quiroga, téis por fiel galán!

Aquí a vide é veciña da carpaza,
pura paisaxe sen onte nin mañán:
¡Arxubín, Campos de Vila, San Xulián,
San Clodio, San Martiño e a Bergaza!

Percorro todo o Val de beira en beira
e a terra, carnal e humanizada,
faise luz esencial e verdadeira.

No Val eu deixo, para sempre, sementada
a miña feble voz, rouca e lixeira,
como unha pomba feliz e namorada.

[\(volver ao índice\)](#)

Castiñeiros do Val, meus castiñeiros

orfos, vellos, calados e retortos,
co toro podrecido, os brazos tortos,
aló embaixo no río ou nos outeiros.

Estades desamparados e tristesiros,
sodes medio pantasma, medio mortos
e, anque murcharon árbores e hortos,
non fumegan sequeiros en Sequeiros.

Fóronvos expulsando pouco a pouco,
fóronvos desterrando paso a paso
e acabarán quitándovos a vida.

A penas sodes nada. Só salouco
ou pinguiña de seiva envellecida
que, amargamente, agarda o seu ocaso.

Limoeiro florido e sorprendente

iluminando os ouros do solpor:
nada téis tan fermoso como a flor
nin existe flor tan recendente.

Limoeiro do Val, luz transcendente,
case mármore frío e brillador:
dime como soportas tanta cor,
como podes ser tan transparente.

Meu limoeiro florido e quirogués:
sempre florido te estou vendo
sen saber, ti a min, como me ves.

Eu prefífore así. Así te entendo.
E só che pido, amigo, que me des
o altísimo don do teu recendo.

[\(volver ao índice\)](#)

Por dentro vas calada e consumida

por unha forza cega e poderosa.
E por fora es áspera e rugosa,
oliveira retorta como a vida.

Se a túa intimidade é sorprendida
agroma mainamente pudorosa:
faise pequena folla rumorosa
e dice unha canción leve e contida.

Vella oliveira do Val, nube e remol,
pila de cinza dun verde prata e gris:
ti estás feita de pedra, terra e sol.

Ignoras o tulipán e a flor de lis:
pro si que coñeces e amas o ouriol
e amistache co merlo e co malvís.

Antergas vides chantadas no torrón

con tremendos desexos de viver:
estades sobor da terra a florecer
en borbollós de seiva e de paixón.

Ouh antergas vides, amigas do legón:
o pai Sol faivos tremer, ruborecer:
¡da lumareda inmortal do voso ser
deica a roseira mortal do corazón!

Venero as vosas formas complicadas
que semellan cobras, bestas, xabaráis,
corpos, cabezas, maos, soños escuros.

Videiras de Quiroga, ben amadas
señoras miñas fermosas e xentís:
¡rebentade en rubís e tintos puros!

[\(volver ao índice\)](#)

Quiroga, miña queiruga montesía,
 escura razón de ser do meu cantar:
 eres moito máis fermosa con luar
 que escintilando á luz do mediodía.

Eu sempre te quixera contemplar
 como unha fonda, sinxela melodía,
 o mesmo que a canción da cotovía:
 pura nostalxia perdéndose no ar.

Tíñate na lembranza, adormecida,
 mistura de realidade e ilusión,
 como terra soñada e prometida.

Ti déchesme un amor: esta ferida
 que lle obriga a latexar ao corazón
 e a manter acendida a propia vida.

Pídoche a ti, Quiroga, os teus outonos,
 broslados de acesos ouros esvaídos
 e de prodixiosos cobres ben luídos
 pola luz da nostalxia e dos ensonos.

Ben ollas, amor meu, que somos donos
 duns máxicos días florecidos,
 fermosos, absolutos, ben compridos
 no que verdade son amor e sonos.

Unha luz delicada, tenra e doce,
 xurde no corazón como un renovo
 cun moi fino recendo a mel e mosto.

A vida faise enlevo, amor e goce.
 ¡E namentres bebemos viño novo
 acendemos o lume dun magosto!

[\(volver ao índice\)](#)